



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Inglés para fins específicos	Código	613505005	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es	
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel	Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	<p>Inglés para fins específicos. Diferentes tipoloxías en ESP. Investigación e perspectivas aplicadas. Perspectivas do ESP. Temas históricos, pedagóxicos, sociolóxicos e lingüísticos en ESP. Facer investigación en ESP. Os métodos cuantitativos e cualitativos na investigación ESP. Toda a información relativa tanto ao programa desta materia, así como ao resto do Máster, pódese atopar na dirección Web arriba sinalada (nesta mesma páxina)</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A5	E05. Coñecemento dos estudos do inglés con fins específicos e as súas aplicacións a outras disciplinas.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B2	CB7 Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Adquirir coñecementos xerais sobre o ámbito do Inglés para Fins Específicos e un coñecemento máis profundo dunha ou varias das súas subdisciplinas.	AI2 AI5	BI5 BI6 BI12 BI13	
Aplicar adecuadamente os coñecementos das variedades específicas do inglés na vida real, e na tradución de textos.	AI5	BI5 BI8 BI10 BI12 BI13	
Investigar cunha metodoloxía axeitada seguindo os coñecementos adquiridos neste campo a través desta materia.	AI5	BI5 BI6 BI7 BI8 BI12 BI13	
Familiarizarse cos conceptos e os temas fundamentais e desenvolver competencias básicas para o ensino do ESP	AI2 AI5	BI2 BI4 BI9 BI12 BI13	
Familiarizarse coas principais ferramentas de investigación (datos, instrumentos analíticos, software relevantes, etc.) e desenvolver a capacidade de utilizalas no ESP, tanto para fins prácticos como de investigación.	AI1	BI1 BI8 BI11 BI12 BI14 BI15	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución ao inglés para fins específicos.	Cuestións históricas, pedagóxicas, sociolóxicas e lingüísticas.
Modalidades do Inglés para Fines Específicos.	Textos. Análisis de textos e documentos de ESP. Traducións e interpretacións. Estudos léxicos.
Aplicacións prácticas do inglés para fins específicos.	Documentos de uso común e termos en contexto.
Perspectivas de investigación e vertientes aplicadas.	A investigación no ámbito do Inglés para Fins Específicos. Métodos de investigación cuantitativos e cualitativos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A5 B1 B5 B7 B8 B10 B12 B13	5	13	18
Foro virtual	A2 B2 B5 B7 B8 B12 B13	0	10	10
Seminario	A5 B1 B4 B6 B7 B9 B11 B12	7	7	14



Presentación oral	A1 A2 B4 B6 B9 B11 B12 B14 B15	2	10	12
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B12 B13	0	20	20
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Traballo práctico dos alumnos, dirixidos polo profesor. As actividades practicas consistirán na análise de mostras de textos, na participación en clase, discutindo aspectos dos textos, traducións, etc.
Foro virtual	Traballo virtual (Moodle) en xeral encomendado ao alumno.
Seminario	Proceso do sistema de ensino-aprendizaxe baseado no traballo cooperativo, no traballo en pares, xunto co apoio directo da teoría explicada polo profesor.
Presentación oral	Parte do proceso de avaliación da materia. Os alumnos terán que usar o seu coñecemento adquirido e as destrezas da materia para realizar investigacións sobre ESP e presentalas oralmente, de maneira individual, a toda a clase.
Proba obxectiva	Exame final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Foro virtual Proba obxectiva	Resolución de problemas, consulta de dificultades, práctica. Os alumnos disporán de supervisión telemática durante o curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 A5 B1 B5 B7 B8 B10 B12 B13	Traballo práctico dos alumnos, supervisados polo profesor. As actividades prácticas consistirán, por exemplo, na análise das mostras de texto, a participación nas discusións en clase, traducións, tarefas para realizar na casa e entregar, etc.	20
Foro virtual	A2 B2 B5 B7 B8 B12 B13	Debate e aportacións no eido virtual entre os alumnos e o profesor ao longo do curso, en lingua inglesa.	10
Proba obxectiva	B5 B6 B7 B12 B13	Exame final.	50
Presentación oral	A1 A2 B4 B6 B9 B11 B12 B14 B15	Traballo de investigación sobre algunha das tipoloxías do ESP para presentar oralmente na clase. Individual. (tentativo)	20

Observacións avaliación



A participación dos estudantes no curso será obxecto dunha avaliación continua. A asistencia regular será un requisito indispensable. Os alumnos con dispensa especial polos motivos que se sinalen deben comunicalo previamente ao profesorado. Ao longo do curso organizaranse diversas tarefas relacionadas cos contidos tratados, tales como a análise de mostras de textos, as presentacións diante do resto da clase, no seu caso, ou a redacción de ensaios. Contémplase así mesmo a realización dun pequeno proxecto de investigación, tentativo, como tarefa adicional avaliable. Na avaliación destas actividades teranse en conta, entre outros, os seguintes factores: a capacidade de síntese da información obtida de distintas fontes; a claridade na exposición das ideas; a precisión no uso da terminoloxía e os conceptos específicos; a implicación nos seminarios e as actividades de grupo e cooperativas; o rigor e a orixinalidade na formulación das propostas de investigación; a exhaustividade e profundidade nas análises; e a utilización dun estilo académico adecuado.

Os mesmos procedementos de avaliación aplicaranse no caso dos estudantes cunha oportunidade adicional ou aqueles que retomen o curso. No caso dos estudantes cunha oportunidade adicional, para o compoñente de avaliación continua, o estudante pode ser requirido para repetir unha selección das actividades realizadas ao longo do curso ou para completar algunhas tarefas adicionais. En canto aos estudantes cunha exención oficial da asistencia a clases, a avaliación continua basearase na súa eventual finalización dos traballos establecidos a través do compoñente virtual do curso. Estes estudantes tamén deben someterse á proba final escrita (se é aplicable) ou, alternativamente, completar unha tarefa equivalente (ou conxunto de tarefas) especificada polos profesores. Aléntase aos estudantes a usar papel reciclado e pór en práctica métodos sustentables.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ammon, U. (Ed.). (2001). The dominance of English as a language of science. Effects on other languages and language communities. . Berlin: Mouton de Gruyter.</li> <li>- Belcher, D. (2009). English for specific purposes in theory and practice. Ann Arbor: University of Michigan Press</li> <li>- Dudley Evans, Tony &amp; Maggie Jo St John (1998). Developments in English for Specific Purposes, A multi-disciplinary Approach.. Cambridge: Cambridge U. P.</li> <li>- Flowerdew, John and Matthew Peacock (eds.) (2001). (2001) Research perspectives on English for academic purposes. Cambridge: Cambridge University Press.</li> <li>- Fortanet, I., Palmer, J. C., Posteguillo, S. (eds.) (2004). Linguistic studies in academic and professional English.. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.</li> <li>- Hutchinson, Tom &amp; Alan Waters. (2006). English for Specific Purposes.. Cambridge: Cambridge U.P.,</li> <li>- Hyland, Ken (2006). English for academic purposes: an advanced resource book. . London: Routledge</li> <li>- Swales, John M. &amp; Christine B. Feak. (2000). English in today's research world: a writing guide.. Ann Arbor: University of Michigan Press.</li> <li>- Ventola, Eija &amp; Anna Mauranen (eds.) (1996). Academic writing: intercultural and textual issues.. Amsterdam: John Benjamins.</li> <li>- Ventola, Eija; Celia Shalom &amp; Susan Thompson (eds.) (2002). The Language of Conferencing.. Frankfurt am Main; New York: Peter Lang.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

